

ED. INFANTIL

1º CICLO

2º CICLO

La fábrica de monstruos.

Margaret G. Wang, Artime Ed.

O neno descubrirá coma os monstros, aínda que parezan terroríficos, o único que pretenden é xogar e facer traxaduras. Grazas á estrutura do libro, dividido transversalmente pola metade, os nenos poderán combinar as distintas partes de cada figura para crear divertidos monstros.



A cousa que máis doe do mundo.

Paco Liván & Roger Olmos, Ed. OQO

A lebre tenta demostrarlle á hiena que a mentira é a cousa que máis doe do mundo deixando na porta de palacio, unha «torta» moi especial que vai provocar a cólera do rei; coa complicidade das moscas, expertas en cheiros, buscarán o culpable.



Inés del revés


Anita Jeram, Ed. Kókinos

Inés é terca e desobediente cun sólido espírito de contradición, como calquera nena ou neno. Por iso todo o fai ao revés.

A cebra Camila

Marisa Núñez, Ed. Kalandraka


Unha viaxe para crecer, con sumas e restas encadeadas, sete bágoas e sete amigos... e moito máis nunha historia repleta de tenrura.



Pupi en la playa.

María Menéndez-Ponte, Ed. Sm

Pupi vai á praia por 1ª vez. Ademais, está desexando participar en todos os xogos e competicións que alí se organizan. E el, vaina organizar! Un libro divertido e cheo de sorpresas.



Refranes para jugar

Nathalie Pons, Vox

Unha selección de refráns para que se familiaricen con eles de xeito divertido e educativo. Contén unhas imaxes magníficas e fichas de memory.



A nena á que non deixaban ser feliz.

Miguel Ángel Alonso, Nova Galicia Ed.

Sabela é unha nena q ten a valentía de declarase feliz nun mundo onde as clases privilexiadas prohibiron aos demais ser felices.



Sofía, la vaca que amaba la música.

Geoffroy de pennart, Ed. Corimbo

Sofía sempre lle regalara á súa familia e amigos os seus concertos. Cando decide irse do pobo á cidade para participar no concurso de música todos están tristes.


Ao chegar á cidade non a admiten en ningún grupo porque é distinta deles.



Historias de Ninguno

Pilar Mateos, Ed. SM (El barco de Vapor, Azul)


Ninguno é un neno tan pequeno que ninguén repara na súa presenza. Pero un día coñece a Camila, unha misteriosa nena, e un mundo cheo de aventuras ábrese diante del. Que peripecias lle agardan? Unha historia sobre a amizade na que se funden realidade e imaxinación.



Tras los pasos de Marco Polo

VVAA, Ed. Planeta

Esta nova aventura en formato de cómic levará a Geronimo á antiga China, á corte do emperador mongol Kublai Khan. Alí, Geronimo coñecerá ao famoso viaxeiro veneciano Marco Polo e enfrontarase de novo aos pérfidos gatos piratas.



Andanzas de Don Quijote y Sancho

Concha López Narvaez, Ed. Bruño.

Cousiñas de Don Quijote e Sancho. As máis sinxelas e máis divertidas, aínda que pode que vos conte algo que sexa un pouco triste, porque, coma nas vidas de todo o mundo, nas súas houbo momentos bos e momentos malos.


Fantasmas No Corredor

Agustín Fernández Paz, Ed. Xerais de Galicia

Mariña múdase a unha nova casa, e descobre que está chea de fantasmas. Polo día non se ven, mais pola noite saen das paredes e andan de troula polo corredor. Só Mariña sabe que existen e deberá atopar unha proba que permita desvelar a súa presenza. Fala do medo á escuridade a través do humor.



3º CICLO



NHarry potter e a pedra filosofal

J. K. Rowling, Ed. Galaxia

Harry Potter é o nome dunha serie de 7 novelas de fantasía e maxia que narra as aventuras que vive o meigo adolescente Harry Potter xunto cos seus amigos.

Palabras de auga.

Marcos Calveiro, Ed. Xerais.

Os Wakati abandonan o seu país coa esperanza de atopar unha terra mellor con auga abundosa. Amadou aprende a colleitar o alimento agochado nos formigueiros, a enfrontarse cos perigos da caza e irá na procura do seu irmán maior, desaparecido no campamento dos nenos soldado.



Edgar y Ellen. Trampa para turistas.


Charles Ogden, Ed. SM

Empeza a tempada turística en Nodlandia e con ela, a caza de... turistas. Os astutos xemelgos adoran escavar no seu Cemiterio de artilluxos», pero cando descubren que o alcalde pensa transformar a súa guarida nun luxoso hotel, idean un plan para que ningún turista volva poñer un pé en Nodlandia.

Colón un viajero enigmático

VVAA, Susaeta (Mini biografías)

Máis de cincocentos anos despois da morte de C. Colón, moitos aspectos da súa vida seguen constituíndo un enigma. Este libro, cheo de datos, curiosidades, recadros e ilustracións, é unha forma entretida e diferente de adentrarse na biografía de un dos personaxes máis importantes da Historia.



FAMILIAS





Todo lo que necesitas saber para educar a tus hijos. Bernabé Tierno, Ed. Urano

Que problemas pode sufrir un neno de pais divorciados? Que ocorre se o neno pasa horas navegando en internet? Como tratar a un neno agresivo? Manual básico, doado e de axil consulta. Expón as principais fases de desenvolvemento do neno, os problemas máis frecuentes, consellos e sugerencias.

Árbores

Henrique Niño Ricoi, Baía Ed. Aprende a recoñecer 50 especies de árbores con textos e ilustracións detalladas das súas follas, flores e froitos, da codia e do aspecto nas distintas estacións. Tamén en **aplicación para Android** da obra **Árbores**, da colección "As 50 especies máis comúns".



Que puedo hacer cuando me da miedo irme ala cama.

Dawn Huebner, Tea ediciones

Esta guía ensina aos nenos a superar, coa axuda dos seus pais, os seus problemas para irse á cama (pesadelos, deitarse tarde, problemas para relaxarse). Ten unha linguaxe adaptada aos nenos, ilustracións atractivas e actividades para que aprendan técnicas que lles permitan superar os seus medos para irse a durmir.

Elefantes y hormigas.

Fernando Salgado, Ed. Fernando Salgado
Biografía novelada e histórica sobre un arousán de adopción que percorreu media Europa nos peores momentos históricos. Pasou polos campos de concentración, traballou como escravo, viviu en campos de refuxiados na Italia de Mussolini e sobreviviu a catástrofes.



LER É UNHA FESTA

“Un fogar sen libros é coma un corpo sen alma”.

Cicerón.



BIBLIOTECA DE RUBIÁNS

<http://www.bibliotecarubians.blogspot.com>